

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "A CALIDADE DO MEDIO MARIÑO LITORAL E O SEU EFECTO SOBRE O MARISQUEO. CALIMAR"

En Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2025

INTERVEÑEN

Dunha parte, Dña. Marta Villaverde Acuña, Conselleira do Mar, nomeada polo Decreto 35/2025, do 4 de xuño (DOG n.º 106 do 5 de xuño de 2025), actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar a presente addenda, e na súa virtude

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que con data do 7 de outubro de 2024, as partes arriba referenciadas asinaron un convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de descubrir se a contaminación química e/ou microbiana pode estar implicada na caída da produción de moluscos bivalvos no litoral. Para iso, desenvolverase un mapa espazo-temporal dos contaminantes químicos e axentes microbianos de risco coñecidos, así como doutros axentes emerxentes de potencial risco, sobre as poboacións marisqueiras, determinándose pode existir asociación entre a súa presenza e as caídas de produción en dúas rías e un total de cinco confrarías, preseleccionadas pola súa proximidade ou non a puntos de potencial risco.

SEGUNDA.- Que conforme a cláusula quinta do dito acordo estipuláronse as bases do seu réxime económico.

TERCEIRA.- Que con data 05/11/2025 a Universidade de Santiago de Compostela (USC) presenta unha solicitude de modificación que afecta ao orzamento reflectido no convenio, debido a un erro na tipificación de gastos no orzamento inicial, polo que se considera preciso formalizar unha addenda a dito convenio e con tal finalidade acordan a sinatura da presente addenda ao referido convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Modifícase a distribución entre os conceptos material funxible e servizos externos das anualidades 2025 e 2026 do orzamento recollido na cláusula quinta do convenio, sen afectar á totalidade do mesmo, nos termos seguintes:

CONCEPTO	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026	TOTAL
PERSOAL	0,00 €	83.360,00 €	85.750,00 €	169.110,00 €
AXUDAS DE CUSTO DO PERSOAL	550,00 €	2.250,00 €	1.850,00 €	4.650,00 €
MATERIAL INVENTARIABLE	2.500,00 €	0,00 €	0,00 €	2.500,00 €
MATERIAL FUNXIBLE	24.215,00 €	63.620,00 €	39.180,00 €	127.015,00 €
SERVIZOS EXTERNOS	0,00 €	30.475,00 €	29.500,00 €	59.975,00 €
INSCRICIÓNS EN EVENTOS	150,00 €	1.050,00 €	1.050,00 €	2.250,00 €
ORGANIZACIÓN EVENTOS	0,00 €	9.220,00 €	8.470,00 €	17.690,00 €
ELABORACIÓN MATERIAL DIVULGACIÓN	550,00 €	2.150,00 €	2.450,00 €	5.150,00 €
CUSTOS INDIRECTOS (15% gastos persoal)	0,00 €	12.504,00 €	12.862,50 €	25.366,50 €
TOTAL	27.965,00 €	204.629,00 €	181.112,50 €	413.706,50 €

SEGUNDA.- Permanecerán vixentes as demais condicións do convenio inicialmente asinado.

E en proba de conformidade co exposto, asinan esta addenda en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Pola Consellería do Mar

Marta Villaverde Acuña

Conselleira do Mar

Pola Universidade de Santiago de Compostela

María del Pilar Bermejo Barrera

Vicerreitora de Política Científica da
Universidade de Santiago de Compostela

P.D. R.R. de 26/09/2023, DOG 05/10/2023